



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

RESOLUCIÓN do 22 de maio de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se resolven os premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, convocados na resolución do 04 de decembro de 2017.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Resolución do 04 de decembro de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Premiar os proxectos que se relacionan no anexo I desta resolución.

Contra esta resolución os interesados poderán interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo www.edu.xunta.es, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López



Anexo I. Proxectos premiados nos premios de innovación na FP

Modalidade A

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15005749	IES Universidade Laboral	Mobilidade renovable	24.262,03 €
15006754	CIFP Ferrolterra	Electrobicicleta de man para nenos con mobilidade reducida	4.535,53 €
15016000	CIFP Compostela	Aplicacións da castaña galega na panadaría e repostaría	5.459,40 €
15020544	IES de Ortigueira	WOOD_COM. Cápsula orgánica multiúso	24.458,16 €
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	Próteses dentais: seguindo a moda. Elaboración de próteses coas novas tecnoloxías	8.611,38 €
15027502	CEE Manuel López Navalón	3D. Como cambia a FP	24.477,71 €
27006528	CIFP As Mercedes	Gas radon. Detección preventiva e eliminación eficiente enerxéticamente	16.905,22 €
27006528	CIFP As Mercedes	WIND-H2O. Condensación de auga mediante o uso de enerxía renovable	18.736,04 €
27013636	IES María Sarmiento	Desenvolvemento de modelos de construción de trampas para a avésa asiática (v. velutina), baseados no uso de arpas eléctricas selectivas nas colmeas	3.381,72 €
36002359	IES Antón Losada Diéguez	Deseño dun prototipo para o desenvolvemento de robots autónomos móbiles de servizo en interiores	7.034,37 €
36004745	IES Plurilingüe A Paralaia	Proxecto VEU (Vehículo Ecolóxico Urbán)	23.644,70 €
36006419	IES Montecelo	Permacultura urbá	3.605,85 €
36006419	IES Montecelo	Seguridade Memorflex	4.642,99 €
36011634	IES Politécnico de Vigo	Desenvolvemento dun banco de ensaios de visión artificial para a verificación de produto en procesos industriais	24.087,35 €
36013448	CIFP Manuel Antonio	Novos formatos de comercialización do Mexillón de Galicia	20.226,02 €
36013448	CIFP Manuel Antonio	Estudo de seguridade alimentaria mediante a determinación de PCB en peixe e penso para acuicultura	12.564,65 €
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	Cámara frigorífica de conxelación ecolóxica baseada en hidrocarburos	23.366,88 €



Anexo I. Proxectos premiados nos premios de innovación na FP

Modalidade B			
Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15002591	IES Monte Neme	Obradoiro creativo de novas tecnoloxías de deseño e de fabricación: MakerSpace Nemet	19.433,98 €
15005749	IES Universidade Laboral	Deseño e montaxe de prototipo de frigorífico doméstico mediante software e hardware libre	2.920,00 €
15006754	CIFP Ferrolterra	Creación dun robot educativo. Hospital de robots	26.575,64 €
15006754	CIFP Ferrolterra	Prototipo de sistema "Dish Stirling" para a conversión de enerxía solar en enerxía eléctrica	26.603,11 €
15006754	CIFP Ferrolterra	Ferramenta multiúsos para operacións auxiliares de soldadura	25.411,61 €
15014556	CIFP Coroso	Punto de recarga de vehículos eléctricos sustentable con enerxías renovables	25.591,10 €
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	Aplicación didáctica intelixente para o control do consumo eléctrico, conectando coa industria 4.0	23.744,18 €
15016000	CIFP Compostela	Museo didáctico dos alimentos	13.325,68 €
27006516	CIFP Politécnico de Lugo	Experimentar e aprender	13.841,49 €
27013636	IES María Sarmiento	Maqueta didáctica de prácticas para o estudo dos sistemas TT, TN e IT	7.000,00 €
27013636	IES María Sarmiento	Adestrador de sensores-actuadores no automóbil	3.705,00 €
27020793	CIFP Porta da Auga	Elaboración dunha maqueta didáctica dun campaneiro con control en liña	7.948,00 €
32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	Contextualización á realidade socioeconómica dos contidos de ciclos das familias profesionais de Química e Sanidade: unha aproximación experimental	13.168,20 €
32016765	CIFP Portovello	Campaña de promoción do comercio local en colaboración co centro comercial aberto de Ourense	6.635,00 €
36014520	IES Pedra da Auga	Deseño, instalación e monitorización de parámetros dunha instalación fotovoltaica para autoconsumo, e o seu posterior estudo de viabilidade	11.084,54 €
36015159	IES Chan do Monte	Sinatura electrónica: facturas, contratos, emisión, recepción e verificación electrónica. Dixitalización con validez xurídica de documentos	5.000,00 €
36015184	IES Escolas Proval	Deseño de prototipo imprimible en 3D dun sistema IP de megafonía e control de accesos baseado en Raspberry Pi	12.062,47 €
36020362	IES de Valga	Construción dunha maqueta de nave industrial mediante impresión 3D	5.950,00 €